

# ENTROIDO 2024


## BASES DO DESFILE 2024

### 1. DESCRICIÓN

A entidade organizadora do Desfile de Entroido 2024 de Barreiros é o Concello de Barreiros, sendo colaboradoras nesta organización a Asociación Habelas Hainas na Mariña e a Asociación Cultural Os Macanudos.

A celebración terá lugar o venres 16 de febreiro a partir das 21.00 horas. O desfile sairá da Praza do Concello e rematará na parte dianteira do Centro Sociocultural, percorrendo as seguintes rúas de San Cosme:

Saída: Praza Concello  
Rúa Vila  
Estrada Praia San Cosme  
Rúa Casas Sociais  
Chegada: Centro Social



No caso de choiva ou climatoloxía adversa a organización reservase o dereito a suspender o desfile.

A organización tamén se reserva o dereito a modificar o percorrido por causas xustificadas non previstas inicialmente.



### 1.1. Puntos de exhibición

No percorrido do desfile haberá 2 puntos de exhibición sinalizados nos cales os participantes deberán realizar as súas correspondentes exhibicións. En ditos puntos estarán colocados os membros do xurado. Para que o desfile sexa máis áxil e dinámico os participantes deberán aterse a estes puntos e sempre seguir as ordes do persoal responsable do desfile.

Punto 1: Praza do Concello

Punto 2 : Centro Sociocultural

## 2. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO

Consideraranse as seguintes categorías de participación:

A. INFANTIL (Nesta categoría participarán os menores de ata 12 anos):

A1. Individual ou Parella

A2. Grupo

B. ADULTO (Xoves de a partir de 13 anos e adultos):

B1. Individual/Parella

B2. Grupo

C. COMPARSAS E CHARANGAS

No caso de grupos consideraranse pertencentes a unha ou outra categoría segundo a idade do 60% dos seus membros.

Para o cómputo de idade, tomarase como referencia o 1 de xaneiro de 2024.

## 3. INSCRICIÓNS

As inscricións no concurso formalizaranse no impreso que se anexa á fin destas bases, que se poderá obter e presentar ata o día 16 de febreiro nas Oficinas xerais do Concello, de Barreiros de 8.30 a 14.30 horas.

Tamén poderá obterse a través a web do Concello [www.concellodebarreiros.gal](http://www.concellodebarreiros.gal) ou do seu Facebook [www.facebook.com/concellobarreiros](https://www.facebook.com/concellobarreiros)

**En todo caso, para que a participación sexa validada, todas as persoas ou agrupacións participantes deberán confirmar a súa inscrición e recoller os dorsais o día do concurso na Casa do Concello, entre as 18.30 e as 20.00 horas**



No caso de solicitude de participación de asociacións, comparsas ou grupos, a inscrición formalizarase polo representante designado pola agrupación (o representante legal no caso de asociacións constituídas como tal), que se fará responsable de obter cantas autorizacións fosen precisas para a participación de menores de idade, especificamente da gravación de material audiovisual e da súa posterior reprodución no marco de difusión do evento.

#### 4. XURADO

O xurado estará formado por membros alleos á organización e relacionados dalgún xeito coas condicións a valorar: cultura, vestuario, maquillaxe, peiteado, son e baile e posta en escena.

Este xurado estará asistido por unha persoa designada pola organización entre o persoal do Concello que actuará en calidade unicamente de secretaria ou secretario sen voz nin voto na valoración do xurado.

Cada membro do xurado valorará a cada un dos participantes do 0 ata o 10, sendo o gañador de cada categoría aquel que maior puntuación obteña na suma das valoracións.

#### 5. PREMIOS

Dentro de cada categoría establécense os seguintes premios:

<b>INFANTIL</b>	<b>160 €</b>
· INDIVIDUAL/PARELLAS	
1º PREMIO	40 €
2º PREMIO	20 €
· GRUPO	
1º PREMIO	60 €
2º PREMIO	40 €



<b>ADULTOS</b>	<b>240 €</b>
· INDIVIDUAL/PARELLA	
1º PREMIO	60 €
2º PREMIO	40 €
· GRUPO	
1º PREMIO	80 €
2º PREMIO	60 €

<b>COMPARSAS E CHARANGAS</b>	<b>600 €</b>
1º PREMIO	300 €
2º PREMIO	200 €
3º PREMIO	100 €

A entrega de premios farase durante a festa de entroido que se realizará nas inmediacións do Centro Sociocultural de San Cosme de Barreiros ao remate do desfile.

Para a súa recollida os gañadores ou os seus representantes, no caso dos grupos, deberán portar o seu DNI ou documento identificativo. Os menores de idade, se dispoñen de documento tamén deberán aportalo e en todo caso deberán ir acompañados por nai, pai ou representante legal que tamén deberá achegar a súa documentación.

Na recollida do premio os gañadores deberán preferentemente manter a caracterización coa que participaron no desfile.

No caso de ausencia ao acto de entrega de premios ou de incumprimento do contido destas bases, o gañador perderá o dereito a reclamar o importe, pasando o premio ao seguinte participante por orde de puntuación.

## 6. NORMAS COMPLEMENTARIAS

Prohíbese expresamente durante todo o evento o emprego de elementos pirotécnicos ou de similar natureza que poidan entrañar risco de dano ou lesión as persoas ou cousas ou que poidan arder ou xerar chama.

Asemade aquelas condutas, comportamentos ou actitudes que se considere que prexudican o bo desenvolvemento dos actos, podendo ser orixe ou causa de incidentes



entre os asistentes, serán obxecto de penalización, especialmente aquelas que teñan carácter ofensivo, vexatorio ou violento.

Non está permitida a participación de animais no desfile.

Todo participante, mediante a presentación da folla de inscrición, amosa a súa aceptación destas bases, cuxo incumprimento suporía a súa expulsión do concurso.